



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de maio de 2022 (1224/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e vinte minutos do día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(401).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(402).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PRESENTADO CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52198/444.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do concello de Vigo (PPT).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 25 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 29 de abril de 2022 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e rematará o día 3 de xuño de 2022.

Terceiro.- En data 20 de maio de 2022, D. José Alfonso Marnotes González, concelleiro do Excmo. Concello de Vigo e voceiro do grupo municipal do Partido Popular, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

Cuarto.- En data 27 de maio de 2022, a empresa adxudicataria do contrato vixente, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

Quinto.- En data 30 de maio de 2022, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do concello de Vigo.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída



Concello de Vigo

competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

Con respecto á lexitimación dos concelleiros para impugnar acordos municipais, o artigo 24.4 do Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, recoñece como un caso especial de lexitimación a dos membros das entidades locais que votaran en contra dos actos e acordos impugnados.

No caso que nos ocupa o recorrente non forma parte do órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, polo que non tivo a opción de votar en contra do citado acordo. No entanto, ilo non empece a súa lexitimación para recorrer, sempre e cando actúen na súa condición de concelleiros e non como representantes do grupo municipal ao que pertencen. Neste senso, é unánime a doutrina administrativa dos tribunais de recursos, así como a xurisprudencia. Por todas citaremos as Resolucións nº 672/2019 do TACRC e nº 118/2019 do TACGAL.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.



Concello de Vigo

- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 20 de maio de 2022. Dado que o anuncio publicouse no DOUE o día 28 de abril, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso. No entanto, e por se o Tribunal acorda admitir o recurso analizaremos nos fundamentos xurídicos seguintes os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito de recurso, tras expoñer os antecedentes da aprobación do expediente remítese ao cálculo do prezo do contrato na Memoria económica. Do desglose do mesmo pon o foco nos custes de persoal, en concreto dun traballador con categoría de encargado e cun complemento persoal cun custe tres veces superior ao seu salario base. En efecto, dí o recorrente na alegación segunda do escrito de recurso que:

“Del análisis del personal subrogable se extrae que la empresa incluye a un trabajador con la categoría de encargado y con los siguientes datos:

<i>ID</i>	<i>Antigüedad</i>	<i>categoría</i>	<i>Grupo PROF</i>	<i>G cotiz</i>	<i>contrato</i>
<i>COMPLEM</i>					
<i>140087</i>	<i>26/08/1999</i>	<i>ENCARGADO</i>	<i>4A</i>	<i>5</i>	<i>100</i>

65.207,88 €

A esa cantidad que corresponde a un complemento hay que añadir la correspondiente a su salario y los costes de Seguridad Social, por lo que el coste total de este trabajador con la categoría de encargado y grupo profesional 4 superaría los 90.000 euros”.

Continúa o recorrente incluíndo os datos relativos á categoría e o grupo profesional do traballador regulados no convenio colectivo de aplicación, Convenio colectivo Siderometalúrgicas, publicado no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº 185 de 24-9-2021 (<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2021/09/24/2021045793>), e indica que consonte ao anexo do citado convenio o seu salario sería de 21.971,25 euros no ano 2021. Este dato levalle a preguntarse *“¿por qué recibe más del triple de su salario en un complemento personal?”.*

Na alegación terceira o recorrente resposta a esta pregunta argumentando que *“El trabajador -cuyo salario es absolutamente desproporcionado en relación al grupo profesional y categoría en la que está encuadrado- era hasta hace unos meses el administrador, representante legal y gerente de la empresa IMESAPI. Dicho trabajador, xxxxx, fue condenado por sentencia n.º 47/2019 de 11 de febrero y aclarada mediante auto de fecha 3 de abril de 2019, dictada por la Sección Quinta de la Audiencia Provincial de Pontevedra, en el Rollo de Sala n.º 75/2017, como autor de un delito continuado de falsedad de documento mercantil, en concurso medial con*



Concello de Vigo

un delito continuado de malversación de caudales público, y que fue confirmada por sentencia del Tribunal Supremo de 24 de noviembre de 2021.

(...) En la sentencia de la Audiencia Provincial se dice que el trabajador indicado es Administrador y apoderado de la empresa adjudicataria IMESAPI. De hecho, fue hasta hace bien poco el responsable de la empresa y así actuó como licitador en el contrato vigente que el que ahora se licita viene a sustituir. Aportamos acta de la mesa de contratación de 8-4-2016.

(...) Aportamos cese como Administrador de la empresa publicado en el BORME de 13 de septiembre de 2021 página 43929, apenas dos meses antes de que se dictase la sentencia del Tribunal Supremo de fecha 24 de noviembre, y fecha hasta la cual fue administrador. Suponemos que fue cesado para evitar la prohibición del artículo 71.1 a) de la Ley de contratos del sector público, dado que se le impuso la pena de inhabilitación absoluta que se extiende recordemos "alcanzará a las personas jurídicas que sean declaradas penalmente responsables, y a aquellas cuyos administradores o representantes, lo sean de hecho o de derecho, vigente su cargo o representación y hasta su cese, se encontraran en la situación mencionada en este apartado".

Esta circunstancia, en opinión do recurrente, implica un fraude de lei, consonte ao previsto no artigo 6.4 do Código Civil (alegación quinta do escrito de recurso). A actual contratista inclúe no listado de traballadores a un, que considera o sr. Marnotes, que non é subrogable, e que implica un custe laboral moi elevado, o que acarrexará elevar artificialmente os custes de persoal e con ilo o prezo do contrato, conduta contraria á libre competencia e sancionable, pois prexudica ao resto dos potenciais licitadores. De feito, cita en apoio da súa argumentación a Resolución 3/2020, de 11 de novembro de 2021, da Comisión Galega da Competencia, e a Sentenza de 5 de novembro de 2021 do TSXG (recurso 7330/2020) que versan sobre supostos similares.

Nas alegacións sexta e sétima o recurrente reproba a actitude do Concello de Vigo ao consentir esta conduta fraudulenta do contratista saliente, e considera que con ilo incumpre a súa obriga legal de loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, recollida no artigo 64 da LCSP, así como os principios de igualdade, transparencia e libre competencia consagrados no artigo 132 do mesmo corpo legal. E así mesmo, infrinxe os artigos 100 e 101 da LCSP xa que "*los costes desagregados no son reales, y el precio del contrato tiene datos que no debían haberse computado*" (alegación sétima final).

Como pode apreciarse, todas as alegacións versan sobre o suposto fraude de lei cometido polo contratista ao facilitar a información relativa aos traballadores con dereito a subrogación esixida polo artigo 130 da LCSP, ao incluír no mesmo a un traballador que non ten, en opinión do sr. Marnotes, dereito a subrogarse, e cun custe laboral excesivo que infla o prezo do contrato en prexuízo dos potenciais licitadores. Fraude do que considera que o Concello é coñecedor e polo tanto, ao consentilo, incorre en diversas infraccións de obrigas impostas pola lei de contratos, amén de vulnerar os principios da contratación pública.

Compre, en primeiro lugar, por de releve que con relación á posible subrogación de traballadores, o artigo 130.1 do TRLCSP dispón o seguinte:

"1. Cando unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral impoña ao adxudicatario a obriga

de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, os servizos dependentes do órgano de contratación deberanlles facilitar aos licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores a que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custos laborais que implicará tal medida, e deberase facer constar igualmente que tal información se facilita en cumprimento do previsto no presente artigo.

Para estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato que se vai adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, por requirimento deste. Como parte desta información, en todo caso se deberán achegar as listaxes do persoal obxecto de subrogación, con indicación: do convenio colectivo de aplicación e detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores a que afecte a subrogación. A Administración comunicaralle ao novo empresario a información que lle facilitase o anterior contratista”.

En cumprimento desta obriga legal, a Administración solicitoulle a actual contratista a información sobre os traballadores con dereito a subrogación, e unha vez recibida a mesma, limitouse a comprobar se incluía toda a información requirida polo artigo 130.1. Unha vez comprobado este extremo, incorporouse como Anexo IV ao prego de prescricións técnicas particulares.

Convén lembrar que a Administración é un terceiro alleo as relacións laborais dos contratistas cos seus traballadores, as cales se rexen pola normativa laboral e non pola administrativa. A subrogación prodúcese con independencia da vontade da Administración, ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo, como ocorre neste caso, por aplicación do Convenio provincial do Metal da Provincia de Pontevedra, ao que pertencen os traballadores da empresa que na actualidade presta o servizo. A lexislación contractual (artigo 130 LCSP), limítase a recoller o deber da Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no Anexo IV do PPT.

Como estableceu o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC), na súa Resolución 81/2011 *“La obligación del adjudicatario de subrogarse en las relaciones laborales vigentes con el contratista que en el momento de convocarse una licitación se halle ejecutando un contrato con el mismo objeto, surge, normalmente, como una exigencia del convenio colectivo que afecta al sector de actividad de que se trate. Ello significa que, existiendo un convenio colectivo que la exija, el hecho de que el pliego de cláusulas administrativas particulares no la mencione, no es relevante jurídicamente, pues la obligatoriedad de la subrogación no procede del pliego sino del convenio colectivo”.*

Polo tanto, o órgano de contratación, unha vez recibida a información facilitada polo contratista, non ten capacidade nin competencia para cuestionar o dereito dos traballadores á subrogación, senón que debe limitarse a comprobar se a información



Concello de Vigo

achegada reúne os requisitos do citado artigo 130 da LCSP. Neste senso, a doutrina dos tribunais administrativos en materia de recursos contractuais é unánime. Citaremos por todas a Resolución nº 327/2020 do TACRC, que dí ao respecto o seguinte:

“La obligación de subrogarse en las relaciones jurídico-laborales del citado personal deriva de la normativa laboral (generalmente del convenio colectivo sectorial correspondiente) por lo que atañe de forma exclusiva a los trabajadores y a la empresa, futura adjudicataria, resultando totalmente ajena a ella el órgano de contratación”. (fundamento xurídico quinto)

(...)

“En efecto, la obligación o no de subrogar a los trabajadores vendrá impuesta por las disposiciones legales (vgr.: artículos 44 ET u otras normas sectoriales como el 75.4 de la Ley 16/1987, de 30 de julio, de Ordenación de los Transportes Terrestres) o convencionales en cada caso aplicables, y no por el propio Pliego, que en ningún caso puede por sí exigir esa medida por tener un contenido estrictamente laboral (cfr.: Resoluciones 75/2013, 134/2013, 267/2013, 341/2013, 8/2014, 14/2014, 30/2014, 37/2014, 386/2014, 452/2014, 502/2014, 586/2014, 670/2014, entre otras muchas” (fundamento xurídico sétimo)

(...)

En relación con la obligación de información prevista en la ley y cuyo incumplimiento se alega por el recurrente, dijimos en nuestra Resolución 487/2019 que “la Administración contratante debe facilitar a los licitadores, en el pliego o en la documentación complementaria, la información sobre las condiciones de los contratos de los trabajadores. Y para ello, la empresa que viniera prestando el servicio, está obligada a su vez a facilitar esa información al órgano de contratación. El fundamento de tales obligaciones estriba, como señala el informe de la Junta Consultiva de Contratación del Estado 33/2002, en “La necesidad de que el futuro contratista conozca suficientemente cuáles serán las obligaciones que asume al resultar adjudicatario del contrato, que son, no sólo las propias relativas a la prestación en sí, sino también aquellas otras obligaciones que proceden de normas sectoriales distintas de la legislación de contratos...”. La conclusión que cabe extraer de esta doctrina es que la existencia o no de una obligación de subrogación de los trabajadores se desarrolla en la esfera del derecho laboral y del régimen jurídico aplicable a los trabajadores de una empresa, y que, en consecuencia, el pliego no aporta nada a dicha subrogación. Esta obligación será exigible o no, pero en ningún caso lo será porque lo imponga el pliego, sino porque se desprenda de la normativa laboral y de su interpretación.

Por tanto, el órgano de contratación cumple con informar, bien sea en los pliegos, bien sea a través de una documentación complementaria, de las condiciones de los trabajadores que pudieran ser susceptibles de subrogación. Y así el pronunciamiento de este Tribunal debe contraerse a la legalidad de los Pliegos impugnados, y sobre éstos no cabe reproche jurídico alguno en el

ámbito de las competencias propias del Tribunal” (fundamento xurídico sétimo)

(...)

“Por otro lado, de la misma manera que la existencia o no de un derecho de subrogación y el alcance del mismo es una cuestión laboral que no depende de la información contenida en los pliegos, las consecuencias de eventuales pronunciamientos judiciales o administrativos sobre la materia recaerán, en su caso, sobre el adjudicatario, y ello por disponerlo así la ley, y no porque lo establezca el OC”.(fundamento xurídico sétimo)

(...)

“no corresponde al OC, ni a este Tribunal (ya que no corresponde al Orden contencioso-administrativo, que revisa sus decisiones) hacer pronunciamientos sobre la existencia y alcance de la obligación laboral de subrogación ni, por tanto, sobre la interpretación de los Convenios u otras normas laborales que pudieran ser de aplicación. Precisamente por ello el OC ha de proceder con extrema cautela, toda vez que, si por un lado es claro que no le incumbe adoptar pronunciamientos propios de la Jurisdicción social (como son los relativos a si existe o no la obligación de subrogarse en las relaciones laborales del anterior contratista), por otro debe proporcionar a todos los candidatos interesados una información sobre los eventuales costes laborales asociados a la prestación del servicio que, sin duda, es relevante a la hora de que aquéllos puedan decidir si concurren o no al procedimiento, y en qué términos deben formular sus ofertas” (fundamento xurídico oitavo)

Á vista desta argumentación podemos concluir claramente que a obriga desta Administración era recoller nos pregos a información facilitada polo contratista sempre que esta tivese unha mínima aparencia de realidade, tal e como dí a citada resolución do TACRC:

“En efecto, tal y como dijimos en nuestra resolución 1031/2016, “podemos señalar que, como hasta ahora, con arreglo al artículo 120 del TRLCSP, interpretado a la luz de la Directiva 2014/24/UE, el órgano de contratación deberá proporcionar la información sobre las condiciones de los trabajadores con derecho a ser subrogados por la empresa entrante cuando, al menos, le conste que, aparentemente, la normativa laboral aplicable pueda imponer dicha medida”. (fundamento xurídico sexto)

(...)

“Así las cosas, el criterio de este Tribunal ha sido y es el de entender que, siempre que exista, al menos, la aparencia de que puede existir dicha obligación de subrogación, el órgano de contratación debe requerir, con arreglo al artículo 130 de la LCSP, de la empresa que viniese efectuando la prestación objeto del contrato que se licita y que tuviera la condición de empleadora de los trabajadores afectados, la información sobre las condiciones de los contratos de tales trabajadores, así como a hacer constar



Concello de Vigo

dicha información en el Pliego o en la documentación complementaria (cfr.: Resoluciones 608/2013, 502/2014, 542/2014)”(fundamento xurídico oitavo).

E aínda que non procedese a subrogación deste traballador, cuestión que como temos dito non procede dilucidar a esta Administración, o feito de incluílo, non supón unha conduta reprobable que vulnera os artigos 64, 132, 100 e 101 da LCSP como manifesta o recorrente, senón ao contrario, unha maior transparencia, tal e como se deduce da precitada resolución:

“El hecho de que, además del listado facilitado por la concesionaria, se publicase un segundo listado excluyendo a los trabajadores que, a juicio del OC, no serán objeto de subrogación, por entender que no están incluidos dentro del personal subrogable a la vista del convenio colectivo aplicable, no supone un incumplimiento del artículo 130 de la ley, sino, antes al contrario, una mayor transparencia con los licitadores que quieran concurrir a la licitación. Y ello en la medida en que estos potenciales licitadores conocerán, no sólo los datos relativos a los trabajadores subrogables a juicio del anterior adjudicatario, sino también que previsiblemente surgirá una controversia, que se resolverá en su momento, en relación con el derecho de subrogación de algunos de esos trabajadores. Al proceder así, el órgano de contratación no prejuzga si existe la mencionada obligación -cometido para el que carece de competencia-, sino que, simplemente, facilita a los licitadores todos los datos necesarios para que éstos puedan efectuar un cálculo de la oferta que estimen adecuada.

En relación con la obligación de información prevista en la ley y cuyo incumplimiento se alega por el recurrente, dijimos en nuestra Resolución 487/2019 que “la Administración contratante debe facilitar a los licitadores, en el pliego o en la documentación complementaria, la información sobre las condiciones de los contratos de los trabajadores. Y para ello, la empresa que viniera prestando el servicio, está obligada a su vez a facilitar esa información al órgano de contratación. El fundamento de tales obligaciones estriba, como señala el informe de la Junta Consultiva de Contratación del Estado 33/2002, en “La necesidad de que el futuro contratista conozca suficientemente cuáles serán las obligaciones que asume al resultar adjudicatario del contrato, que son, no sólo las propias relativas a la prestación en sí, sino también aquellas otras obligaciones que proceden de normas sectoriales distintas de la legislación de contratos...”. La conclusión que cabe extraer de esta doctrina es que la existencia o no de una obligación de subrogación de los trabajadores se desarrolla en la esfera del derecho laboral y del régimen jurídico aplicable a los trabajadores de una empresa, y que, en consecuencia, el pliego no aporta nada a dicha subrogación. Esta obligación será exigible o no, pero en ningún caso lo será porque lo imponga el pliego, sino porque se desprenda de la normativa laboral y de su interpretación”. (fundamento xurídico sétimo)

Non convén esquecer que esta Administración, coñecedora da “peculiar situación” do traballador en cuestión, dirixiuse a Audiencia Provincial de Pontevedra, mediante escrito de data 7 de abril de 2022, solicitando informe sobre se a condena de inhabilitación especial do citado traballador o inhabilita para subrogarse. A Sección N. 5, ditou Providencia na Executoria “PIC PIEZA INDIVIDUAL DEL CONDENADO 000072 /2021” do seguinte tenor:

“la inhabilitación absoluta que se le ha impuesto, no viene a afectar a la contratación a que se refiere el Ente municipal, ni su condición de encargado de la UTE señalada viene a suponer la intervención del penado en empresas públicas, o con participación pública o entes autónomos similares”.

Compre aclarar así mesmo, que o recorrente cita en apoio da súa tese de que esta Administración é partícipe do fraude de lei da empresa concesionaria a Resolución 3/2020, de 11 de novembro de 2021, da Comisión Galega da Competencia. No entanto, na mesma se dí claramente que a obriga de facilitar unha información veraz é do contratista, posto que é o único que a coñece:

“LACERA, de acuerdo con este art. 130 LCSP, debería de haber facilitado a la Universidad de Vigo la información que fuese necesaria para evaluar de forma exacta todos los costes laborales del personal que debería de ser subrogado así como todas sus circunstancias laborales que conociera el denunciado y que pudieran afectar a ese personal, en especial todas las que fueran efectivas antes de la terminación del contrato que le vinculaba con la Universidad de Vigo, y ello a los efectos de que pudieran presentar todos los interesados en concurrir a la licitación, ofertas en las mismas condiciones que LACERA, en caso de que esta empresa decidiera presentarse a ese concurso. Existe, por tanto, una especial responsabilidad de la empresa titular de la prestación de ese contrato de servicio de limpieza (en este caso LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.) de colaborar con la Universidad de Vigo, no solo durante la vigencia del contrato sino también en el momento en que ese contrato salga de nuevo a licitación, facilitando todos los datos e información que sirva para determinar los verdaderos costes laborales de los trabajadores a los que afecte la subrogación”

(...)

“Además, señala la Abogacía del Estado, la obligación de suministrar esa información corresponde al contratista saliente en la medida es que él es el único que conoce la situación de sus trabajadores y las circunstancias que pudieran influir en la determinación del coste laboral”.

(apartado 4.1).

Incumprimento que carrexoulle a imposición de sancións, máis non a o órgano de contratación, que se limitou, como esta Administración, a recoller nos pregos a información dos traballadores con dereito a subrogación facilitada pola empresa saliente.

É preciso recordar tamén que a subrogación deste traballador e polas mesmas circunstancias foi obxecto de recurso especial contra os pregos que rexen o contrato en vigor, que substanciouse polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e foi resolto na Resolución nº89/2016, que o desestima, por tratarse dunha cuestión laboral.

Informa ao respecto a empresa adxudicataria deste contrato, a UTE LUZE VIGO, en escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de maio de 2022, que este traballador prestou servizos para as diferentes empresas contratistas dende



Concello de Vigo

o ano 1999 e xa foi obxecto de subrogación no ano 2016. Na súa opinión, consonte ao convenio colectivo de aplicación, procede a súa incorporación ao listado de persoal subrogable.

O servizo xestor informa en data 30 de maio de 2022 que trátase dunha cuestión laboral e que non lle corresponde dilucidar se o traballador ten ou non dereito a subrogación. Así mesmo, refírese a que esta cuestión xa foi resolta polo TACRC na citada resolución nº89/2016 con motivo da impugnación dos pregos que rexen o vixente contrato polo mesmo motivo: a subrogación deste traballador e o seu salario.

En consecuencia, á vista do alegado, procede propoñer ao Tribunal a desestimación das alegacións do recorrente.

-VI-

Conclusionés

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o mesmo, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(403).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CONTRATO MAIOR DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS 1537/611.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a xefa de Asesoramento e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSPP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das areas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das areas deportivas municipais



Concello de Vigo

dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (PPT).

- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación do servizo de limpeza das areas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (expediente 1537-611), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de maio de 2018, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., por un prezo de 1.645.599,98 euros, e un prazo de catro anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 31 de maio do mesmo ano e comezou a súa execución o día 1 de xuño, rematando o día 31 de maio de 2022, por canto o adxudicatario renunciou á prórroga.

Terceiro.- En data 27 de decembro de 2021, publicouse no Diario Oficial da UE o anuncio de información previa relativa a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección sanitarios e illas ecolóxicas (expediente 4792-611).

Cuarto.- En data 28 de decembro de 2021, o Concelleiro Delegado de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, aprobou a orde de inicio do expediente do procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección sanitarios e illas ecolóxicas (expediente 4792-611). Este abrangue as prestacións obxecto do contrato que nos ocupa, e esta pendente de aprobación na mesma XGL que a presente continuidade.

Quinto.- En data 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, aprobou o expediente do procedemento aberto abreviado do servizo de limpeza básico das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (expediente 4942-611). Este contrato, tal e como informa o responsable do contrato, *“tramítase como ponte entre o anterior expediente 4792-611 o comprobar que os prazos administrativos non alcanzaban para que estivera adxudicado o contrato con data límite o 31 de maio. O período de execución do contrato é do 1 de xuño ao 15 de setembro por un importe de licitación de 72.570,00 €”*.

Sexto.- O anuncio de licitación do expediente 4942-611 publicouse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na plataforma de contratación do sector público, en data 13 de maio, abríndose o prazo de presentación de ofertas o día seguinte e rematando o 30 de maio. Durante este prazo non se presentaron ofertas polo que o servizo de Contratación formulou proposta de declaración de deserto á XGL, que está incluída na orde do día da sesión de 31 de maio, xunto coa presente proposta.

Sétimo.- En data 31 de maio de 2022, o adxunto ao xefe do servizo de Deportes solicita ao servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato.

Oitavo.- O contratista durante o trámite de audiencia conferido ó efecto manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato nos mesmos termos ata a formalización do novo contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo



Concello de Vigo

O contrato do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas adxudicouse a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., por acordo da XGL de 7 de maio de 2018, por un prazo de catro anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 31 de maio do mesmo ano e comezou a súa execución o 1 de xuño.

O prazo inicial do contrato remata hoxe e aínda que ten previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha o contratista renunciou a primeira delas. Polo que, ao resultar aplicable o artigo 303 do TRLCSP, que exige o mutuo acordo das partes, non é posible a imposición da prórroga con carácter obrigatorio. Consecuentemente, foi precisa a tramitación dun novo expediente de contratación que cubra o servizo.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse pola XGL o 12 de maio de 2022, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo, procedemento aberto abreviado do servizo de limpeza básico das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (expediente 4942-611). Se ben tratase dun contrato ponte para cubrir a prestación do servizo do 1 de xuño ao 15 de setembro. Este contrato tramitouse por mor de que por demoras na tramitación o procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección sanitarios e illas ecolóxicas, que ven a substituír ao contrato que nos ocupa, esta pendente de aprobación na mesma XGL que a presente continuidade.

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata hoxe e aínda non se aprobou o novo expediente.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos de limpeza das instalacións deportivas municipais ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento das instalacións deportivas municipais. Tal e como consta no informe do responsable do contrato, de data 31 de maio de 2022, *“O contrato actual do servizo de limpeza é un servizo necesario e imprescindible para o desenvolvemento funcional das instalacións deportivas, polo que non dispor deste servizo supón un prexuízo sanitario para os usuarios das instalacións deportivas.*

d) O contrato ten subrogación de traballadores, recollido expresamente no seu convenio colectivo polo que é imprescindible a continuidade do mesmo polo período estritamente necesario.”

Desprendese do citado informe a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo durante a licitación do novo expediente, cuxa aprobación esta prevista

na data de hoxe e ata a súa resolución. Do contrario, habería que pechar as instalacións deportivas por razóns de salubridade pública, o que ocasionaría un grave problema aos usuarios do servizo, as instalacións municipais e os traballadores que actualmente prestan o servizo.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, neste expediente, como había dúas posibles prórrogas o servizo tiña prevista a prórroga do mesmo, a cal non se produzo por mor do incremento dos custes. De feito, o presuposto base de licitación do novo contrato é de 3.598.545,52 euros, e o prezo do actual de 1.645.599,98 euros, máis do dobre. Ante a dificultade de tramitar o expediente e adxudicalo con carácter previo ao remate do contrato actual, o servizo tramitou un procedemento abreviado para cubrir un prazo de tres meses, no entanto, este expediente quedou deserto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.



Concello de Vigo

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contratoe, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, o feito de que quedou deserto.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este é un servizo destinado a limpeza das instalacións deportivas municipais e se non se limpan non se poden utilizar, do contrario xeraría un risco para a salubridade pública. O peche das mesmas dexaría aos usuarios sen poder utilizalas, sendo unha das competencias municipais a “promoción do deporte e as instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” (artigo 25.2.I LBRL).

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “*obligatoria*” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...).».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad materlal en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.

Podría acudir a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato



Concello de Vigo

menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de “prorrogas tácitas” o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento da, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima que como período máximo de continuidade do servizo sería de dous meses.

Para facer fronte os gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que “*Atendendo o exposto considerase necesario a continuidade do contrato actual expdt. 1537-611, nas mesmas condicións económicas actuais a razón de 34.288,33 € mes, financiándose o mesmo con cargo a partida orzamentaria 3420.227000, durante o período estritamente imprescindible ata entrada en vigor do contrato de tramitación ordinaria por procedemento aberto, expediente 4792-611. Estímase un importe total da continuidade que ascendería a 137.153,32 € con iva*”.

Consta no expediente a conformidade de SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES SL, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º-. A continuidade de prestación do contrato do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (expediente 1537-611) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato.

2º-. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 1537-6112, para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de xuño de 2022 ata a adxudicación do novo contrato polo importe máximo de 137.153,32 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.227000 e á súa bolsa de vinculación.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(404).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 4792/611.

Visto o informe xurídico do 27/05/2022 e informe de fiscalización do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 29 de decembro de 2022
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022
- Memoria económica de data 16 de xaneiro correxida con data de 21 de abril de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 1 de abril de 2022 (operación nº 202200029205).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de marzo de 2022 correxido con data 28 de abril de 2022.
- Memoria xustificativa, de data 8 de marzo de 2022, correxida con data 28 de abril relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido rexerá polo disposto no artigo 156. da LCSP que regula o procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
- Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Certificados de retención de crédito de data 22 de abril de 2022 (operacións nº 202200040559 e 202200040560).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 12 de maio do 2022
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 12 de maio de 2022.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 29 de decembro de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto art. 156 LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o



Concello de Vigo

expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 12 de maio de 2022.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **3.598.545,52 euros con iva, sendo o IVE 624.540,96 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.

DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

PERIODO	DATAS	IMPORTE CON IVE	APLICACIONES ORZAMENTARIA
2022	16/09/2022-31/12/2022	264.892,93 €	3420.2270000
2023	01/01/2023-31/12/2023	899.636,38 €	3420.2270000
2024	01/01/2024-31/12/2024	899.636,38 €	3420.2270000
2025	01/01/2025-31/12/2025	899.636,38 €	3420.2270000
2026	01/01/2026-15/09/2026	634.743,45 €	3420.2270000
		3.598.545,52 €	

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2270000“ limpeza” e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(405).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 39998/220.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES E MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN

A aprobación do Real Decreto 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, de 29 de decembro do 2021) establece, entre outras, a obriga para as Administracións Públicas de aprobar un Plan de Estabilización do Emprego Temporal, tendente á reorientación das singulares dinámicas que na xestión pública de recursos humanos se teñen desenvolvido nas últimas décadas pola práctica totalidade de Administracións Públicas territoriais.

Así, a norma indicada -que modifica profundamente o real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)- contempla entre outros aspectos, e no seu artigo 2, apartado 1, que **“Adicionalmente a lo establecido en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017 y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estén o no dentro de las relaciones de puestos de trabajo, plantillas u otra forma de organización de recursos humanos que estén contempladas en las distintas Administraciones Públicas y estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2020.**

Sin perjuicio de lo que establece la disposición transitoria primera, las plazas afectadas por los procesos de estabilización previstos en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, serán incluidas dentro del proceso de estabilización descrito en el párrafo anterior, siempre que hubieran estado incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público de estabilización y llegada la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, no hubieran sido convocadas, o habiendo sido convocadas y resueltas, hayan quedado sin cubrir.”

No seu apartado 2, o mesmo precepto establece que: **“Las ofertas de empleo que articulen los procesos de estabilización contemplados en el apartado 1, así como el nuevo proceso de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos diarios oficiales antes del 1 de junio de 2022 y serán coordinados por las Administraciones Públicas competentes.**

La publicación de las convocatorias de los procesos selectivos para la cobertura de las plazas incluidas en las ofertas de empleo público deberá producirse antes del 31 de diciembre de 2022.



Concello de Vigo

*La resolución de estos procesos selectivos deberá finalizar **antes del 31 de diciembre de 2024.***

A implementación práctica do dito plan -vinculado e inherente á oferta de emprego público- “en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, podrá ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración General del Estado, comunidades autónomas y entidades locales, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes Administraciones Públicas en el desarrollo de los mismos en el seno de la Comisión de Coordinación del Empleo Público.

Sin perjuicio de lo establecido en su caso en la normativa propia de función pública de cada Administración o la normativa específica, el sistema de selección será el de concurso-oposición, con una valoración en la fase de concurso de un cuarenta por ciento de la puntuación total, en la que se tendrá en cuenta mayoritariamente la experiencia en el cuerpo, escala, categoría o equivalente de que se trate pudiendo no ser eliminatorios los ejercicios en la fase de oposición, en el marco de la negociación colectiva establecida en el artículo 37.1 c) del Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.

En el supuesto de que en la normativa específica sectorial o de cada Administración así se hubiera previsto, los mecanismos de movilidad o de promoción interna previos de cobertura de plazas serán compatibles con los procesos de estabilización” (apartado 4 do artigo 2)

*A propia norma contempla tamén na súa Disposición Adicional Sexta a previsión dunha **convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración**, recollendo que “las Administraciones Públicas convocarán, con carácter excepcional y de acuerdo con lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del TREBEP, por el sistema de **concurso**, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida **con anterioridad a 1 de enero de 2016.***

Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales y respetarán, en todo caso, los plazos establecidos en esta norma.”

Disposición esta última que contén unha aparente contradicción co previsto na propia Disposición adicional oitava -“Identificación de las plazas a incluir en las convocatorias de concurso”, por canto que contempla expresamente que “adicionalmente, los procesos de estabilización contenidos en la disposición adicional sexta incluirán en sus convocatorias las plazas vacantes de naturaleza estructural ocupadas de forma temporal por personal con una relación, de esta naturaleza, anterior al 1 de enero de 2016.”

A este respecto reputados autores como Fondevila (2022) sinalan que “es esencial reiterar que en todos estos procesos, de forma indubitada y precisa, siempre se remite a «plazas»y esto supone necesariamente que se refiere a cuerpos, escalas, subescalas o categorías profesionales laborales, y a este respecto, es preciso tomar en consideración el conjunto de las previsiones de la Ley 20/2021 LMUTEP que utilizan reiteradamente como marco de referencia el término «plazas», lo que supone que en ningún caso, se puede, ni sería posible legalmente, vincular las mismas a personas determinadas y tampoco a concretos puestos de trabajo¹.”

- 1 Fondevila, J. (2022). “Breves consideraciones sobre la aparente contradicción de las Disposiciones adicionales sexta y octava Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público”. El Consultor de los Ayuntamientos, Nº 4, Sección Empleo público local, Abril 2022, páx. 81.

O mesmo autor ilustra moi acertadamente a complexidade do proceso, ao expoñer que, no marco da articulación práctica dos procesos de estabilización, deberá considerarse, entre outros aspectos, que *“no es posible establecer requisitos que tengan carácter discriminatorio, en ese sentido STC 193/1987, FJ Quinto; STC 47/1990, FJ Sexto; STC 353/1993, FJ Sexto y STC 166/2001, FJ Segundo.*

